

Programa Plurilingüe

Neste curso escolar 2013 – 2014 fomos admitidos na rede de centros plurilingües, para desenvolver o Programa Plurilingüe no Primeiro curso de Educación Primaria. A área non lingüística na que se impartirán contidos totalmente en inglés será Educación Plástica e Visual.

A finalidade deste programa é favorecer o coñecemento da lingua e cultura inglesas, activar a motivación e desenvolver progresivamente a capacidade dos alumnos/as de Educación Primaria para comunicarse en inglés, así como empregar esta lingua para o ensino e a aprendizaxe da área de Plástica, escollida para levar a cabo o plan.

O alumnado participante no programa, recibirá ao termo de cada etapa, certificación da dirección do centro de que realizou nun centro plurilingüe os estudos correspondentes, con indicación da etapa e a lingua extranxeira.

Os obxectivos específicos do noso programa son:

- Acadar que os alumnos/as sexan capaces de levar a cabo actividades tales como entender ordes de accións concretas.
- A adquisición de vocabulario en lingua inglesa semellante ao que terían na lingua habitual en que se vén desenvolvendo a materia.
- Ver a lingua inglesa como unha ferramenta de traballo e non só unha materia cun contido illado do uso práctico.

